

## BASES DA ORGANIZACIÓN

### CAMIÑO DE SANTIAGO 2019: “A VÍA DA PRATA”

#### Artigo 1.- Organización

O Servizo de Deportes do Concello de Rianxo organiza o “*Camiño de Santiago 2019: a vía da prata*”, correspondentes ao percorrido do Camiño portugués por terras galegas.

A actividade desenvolverase en **6 etapas**, nos meses de febreiro a xuño, desde Allariz (Ourense) a Santiago de Compostela.

#### Artigo 2.- Persoas destinatarias

Maiores de 18 anos; teñen preferencia as persoas residentes en Rianxo.

#### Artigo 3.- As etapas

ETAPA	ITINERARIO	LONXITUDE	DIFICULTADE	DATA PREVISTA
1	Allariz - Ourense	22,4 km.	Media	09/02/2019
2	Ourense - Cea	22,8 km.	Media	09/03/2019
3	Cea - Dozón	15,6 km.	Media	30/03/2019
4	Dozón - Lendoiro	18,4 km.	Media	13/04/2019
5	Bendoiro - Outeiro	33,8 km.	Media	04/05/2019
6	Outeiro – Santiago de Compostela	16,6 km.	Media	01/06/2019

#### Artigo 4.- Programa de viaxe

- Cada etapa terá o seu propio programa, no que se detallarán as cuestións relativas á organización, horarios, normas e desenvolvemento da actividade.
- O punto de encontro para a saída desde Rianxo establécese na parada de autobuses do paseo da Ribeira.
- Nas etapas nas que se considere preciso, o autobús sairá despois do xantar.

#### Artigo 5.- Prezo público

- O custo da actividade é de 12 € por etapa, que inclúe transporte, monitorado e seguro de accidentes.

## Artigo 6.- Prazas

- Ofértanse 105 prazas.
- O número mínimo de participantes para que se desenvolva a actividade é de 35.
- A organización reservase a potestade de incrementar o número de prazas.

### Artigo 6.1.- Preinscrición e documentación

- As preinscricións poderán formalizarse no Servizo de Deportes e nos pavillóns municipais **ata as 14 h. do 21 de xaneiro**.
- A ficha de inscrición recollerá, ademais dos datos persoais, a data e hora de formalización da mesma, así como a autorización expresa para comprobar no Padrón Municipal o seu lugar de residencia. No caso de non autorizalo, solicitaráselle un volante de empadramento.

### Artigo 6.2.- Adxudicación das prazas

- A adxudicación da praza farase por orde de inscrición.
- No caso dun maior número de solicitudes que prazas, terán prioridade as persoas empadroadas no Concello de Rianxo.
- O **22 de xaneiro** publicarase na web do Concello de Rianxo, e nos taboleiros de anuncios do Servizo de Deportes e dos pavillóns polideportivos, a listaxe de participantes e a listaxe de espera.
- Despois desa data seguirán admitíndose inscricións que se ordenarán segundo os criterios establecidos nestas bases.

### Artigo 6.3.- Pagamento primeira etapa

- A inscrición non se considerará completa ata o pagamento do cota de inscrición.
- Unha vez confirmada a praza, o Concello emitirá unha carga de pago para cada inscrición, que **poderá facerse efectiva ata o martes 5 de febreiro**.
- No caso de non facerse o pagamento no prazo indicado, chamarase á primeira persoa da lista de espera e así sucesivamente.
- No caso de non participar na actividade por causas alleas á organización, non se devolverá o importe da inscrición. Dito pagamento si será válido para a seguinte etapa na que participe, sempre e cando non sexa a última.

#### Artigo 6.4.- 2ª Etapa e posteriores.

As persoas participantes na etapa anterior terán reservada a praza e o Concello emitirá unha carga de pago que poderá facerse efectiva ata a data indicada na táboa para cada etapa.

No caso de causar baixa definitiva na actividade ou non participar en algunha etapa deberá comunicarse ao Servizo de Deportes para que non se emita dita carta de pago.

ETAPA	ITINERARIO	DATA TOPE PAGAMENTO	DATA PREVISTA ETAPA
1	<b>Allariz - Ourense</b>	05/02/2019	09/02/2019
2	<b>Ourense - Cea</b>	05/03/2019	09/03/2019
3	<b>Cea - Dozón</b>	26/03/2019	30/03/2019
4	<b>Dozón - Bendoiro</b>	09/04/2019	13/04/2019
5	<b>Bendoiro - Outeiro</b>	30/04/2019	04/05/2019
6	<b>Outeiro – Santiago</b>	28/05/2019	01/06/2019

#### Artigo 6.5.- Listaxe de espera

- A listaxe de espera configúrase con aquelas persoas que non acadan praza, seguindo a orde de preferencia establecida nestas bases: data e hora de inscrición e residencia en Rianxo.
- A listaxe é válida para todas as etapas, e non é necesario inscribirse para cada unha delas por separado.
- A partir da segunda etapa, a listaxe de espera actualízase tendo en conta a seguinte orde de preferencia:
  1. As participantes en maior número de etapas sen contar a última, e así sucesivamente.
  2. Data e hora de inscrición.
- Se algunha persoa desexa ser borrada da listaxe de espera deberá comunicalo á organización.

#### Artigo 7.- Normativa xeral e de seguridade

- A organización resérvase o dereito de modificar datas ou percorridos, así como aprazar etapas por razóns de necesidades organizativas, de seguridade ou por incidencias meteorolóxicas.

- No caso de suspenderse unha etapa, trasladarase esa etapa á data da seguinte e así sucesivamente.
- A organización informará en cada etapa de instalacións onde cambiarse de roupa e ducharse, así como unha relación de locais de hostalería (de ser necesario).
- Cada participante será a encargada do seu avituallamento, tanto durante o percorrido coma no remate.
- A organización pon a disposición dos/as participantes que o soliciten unha Compostela que deberán abonar.
- Non se permitirán animais de compañía.
- A organización da proba reservarase a facultade de decidir sobre calquera aspecto ou circunstancia non contemplada neste regulamento.
- Cada proba está cuberta por un seguro de responsabilidade civil e un seguro de accidentes, subscritos ambos polo Concello de Rianxo.
- As persoas participantes deberán circular polo marcado como Camiño de Santiago, considerándose para todos os efectos usuarias normais da vía e deberán respectar as normas de circulación.

#### **Artigo 8.- Dereitos de imaxe, uso de datos e autorizacións**

- A inscrición na actividade supón a aceptación das presentes bases.
- As persoas inscritas declaran estar en bo estado físico e ter pasado os pertinentes recoñecementos de saúde, e deberán facer constar calquera incidencia médica (alergias, atencións especiais...).
- Os/as participantes autorizan e aceptan a publicación do seu nome e apelidos, así como a súa imaxe, nos documentos xerados para a xestión da actividade, listaxes de participantes, medios de comunicación e internet para a promoción do deporte.

#### **Artigo 9.- Comunicación**

- A información sobre as prazas publicarase nos taboleiros de anuncios do Servizo de Deportes e Pavillóns Polideportivos, así como na web do Concello de Rianxo.
- Os programas de etapa difundiranse a través do FB do Servizo de Deportes, do correo electrónico e dunha listaxe de distribución de whatsapp.
- É responsabilidade das persoas inscritas e/ou participantes a comprobación da admisión na actividade e a realización das reservas, pagamentos e demais accións en debido prazo.
- A organización, salvo casos excepcionais, non chamará por teléfono ás participantes.